ROMARÍA DE SAN ROQUE

COLECCIÓN DE BONECAS CARMEN COSTAS



Do 14 de agosto ao
1 de setembro de 2019

.....

Casa Galega da Cultura

CONCELLO DE VIGO

ESCENAS TRADICIONAIS DA ROMARÍA DE SAN ROQUE EN VIGO

Nos últimos tempos estamos a vivir un momento de auxe extraordinario relacionado coas celebracións festivas da nosa cidade, destacando con relevancia dúas citas importantes do ano, como son o Nadal e a Reconquista de Vigo, onde a afluencia de visitantes destacou notablemente nas súas últimas edicións.

Queremos aproveitar esta circunstancia para reivindicar e poñer no lugar destacado que se merece, a romaría de san Roque, considerada pola prensa como a maior romaría urbana que se conserva en toda Galicia, unha tradición secular que atrae a milleiros de persoas todos os anos, unha festa sumamente arraigada no sentir popular da cidade. En definitiva, unha festividade xenuinamente viguesa, expresión popular e cultural da nosa cidade e patrimonio da súa memoria histórica, ademais dun acontecemento entrañable para vigueses e visitantes. Independentemente da opinión e crenzas persoais de cadaquén, non se pode ignorar que "o San Roquiño de Vigo" é un punto de referencia na historia do noso pobo.

Con esta exposición, Carmen Costas, veciña da parroquia viguesa de Matamá, pretende realizar unha modesta homenaxe a romaría de san Roque que se celebra en Vigo, representando variadas escenas que non pertencen a un único momento cronolóxico desta, senón a diferentes períodos comprendidos entre as décadas centrais do século XIX – cando a romaría se converte nunha dos máis importantes iconas das Festas de Vigo – e as primeiras décadas do século XX.

A primeira descrición sobre a romaría déunola o médico e cronista Nicolás Taboada Leal en 1840. Nela narra que a romaría ten lugar do 15 ao 17 de agosto na ermida de san Roque, situada nunha extensa e frondosa carballeira, e que atrae a multitude de xente das provincias de Pontevedra e da Coruña. Durante eses tres días sucédense, entre outras, misas, procesións, numerosas danzas acompañadas de gaita e tamboril, fogos, etc. O cronista destaca a abundancia de postos de froitas, especialmente sandías, pero tamén ostras, doces, licores, quincalla e pratería, así como merendas e comidas campestres baixo a carballeira.

No aspecto relixioso, o día 16 é o día grande: numerosas misas desde moi temperán e a procesión, coa imaxe de san Roque, que percorría o perímetro da ermida, ao redor da cal moitas e moitos fieis daban tres voltas, a pé ou de xeonllos - rito penitencial moi estendido en Galicia - e portando os tradicionais exvotos (ofrendas en forma de pequenas figuras de cera que representan o corpo humano ou partes do mesmo), que tamén cubrían ao santo portado en procesión. As danzas populares teñen lugar no medio do cerimonial relixioso. Grazas fundamentalmente a unha imaxe de 1879 publicada en "A Ilustración Galega e Asturiana" e a un artigo de prensa de 1928, sábese que, no 1870, nove homes bailaban a danza de San Roque, tres deles disfrazados de mulleres, con flores na cabeza e adornados con cadeas, gargantillas, colares, cintas e flores sobre corpiño e refaixo. Os seis homes restantes ían ataviados con apertadas calzas, medias brancas, zapato negro, chaqueta curta, chapeu de copa e cintas multicolores colgando das mangas, pescozo e costas. Existía tamén a figura dun guía, que ía ataviada, ademais, cunha banda de seda, mentres que o seu chapeu portaba unha pluma de gran tamaño. Tamén levaba un " roscón" de gran tamaño que debía soster no alto cunha soa man mentres duraba o baile. Os danzantes facían a súa entrada en San Roque acompañados dun gaiteiro. Esta danza "da regueifa" – xunto con outras variantes - era unha das notas máis orixinais, hoxe desgraciadamente desaparecida.













En canto á asistencia á romaría, e tomando como referencia as cifras publicadas pola prensa local, estimábase unha concorrencia global de entre 10.000 e 12.000 romeus en 1880; en 1890 fálase de entre 5.000 e 6.000 persoas acampando cada día de festa baixo a carballeira, e calculábase que nos dous últimos días de festa tomaran parte unhas 10.000 persoas.

Un dos actos de vida social máis emblemáticos é a comida campestre en familia ou a degustación de comida e bebida nos numerosos establecementos alí instalados, entre eles, postos de viño, rosquillas, mel, sandías, pan, empanadas, barquillos, etc.; ademais de confeiterías, cafés, cervexarías e restaurante. Entre todos os produtos que se expedían ao público, a finais do século XIX sobresaía como rei indiscutible o viño. Ao redor de 1915 gozaban de certa popularidade os taberneiros alcumados "O Merlo" e "O Sancristán".

No que respecta á música, a gaita era o instrumento de presenza obrigada, tanto na procesión relixiosa, como na posterior diversión popular. Tampouco podían faltar os cegos que, con zanfona, improvisaban coplas aos comensais. Grupos de romeus traían tamén os seus propios instrumentos musicais: pandeiro, acordeón, violín, etc., cuxa música se mesturaba con aturuxos, alalás e cancións alusivas ao santo. Non tardaron moito en facer a súa aparición grupos de gaiteiros, como Os Morenos de Lavadores, charangas como Os Terribles de Doas e bandas de música, como a de Arcade, que se cre foi das primeiras en actuar, alá por 1898.

A festa adoitaba prolongarse ata a medianoite a finais do século XIX, pero hai constancia de que, ao redor de 1920, a verbena finalizaba ás dúas da madrugada. Co paso do tempo fóronse incorporando outro tipo de atraccións, como é o caso, en 1900, dun carrusel. Tamén había carreiras de sacos e numerosos concursos de variadas temáticas, entre os que destacamos os concursos de feos, de choróns, de afiadores, de empanadas, etc.

Paralelamente á celebración da multitudinaria romaría popular, tense constancia de que (polo menos entre 1833 e 1901) o pazo dos Quiroga - próximo ao conxunto que forman capela, arco-ponte e pombal – era frecuentado por un selecto grupo de invitados da alta sociedade viguesa daquel entón e algúns visitantes ilustres, quen, con motivo da festividade, acudían a visitar aos señores do Pazo.

Finalizamos este percorrido pola Romaría de san Roque lembrando a enorme popularidade de que seguiu gozando en décadas posteriores entre as xentes de Vigo e a súa comarca, e do viva que a festividade se mantén aínda hoxe en día. Vaia o noso máis profundo agradecemento a quen co seu esforzo segue mantendo viva esta tradición.

Colección de bonecas Carmen Costas: A autora desta exposición conta cunha colección de máis de 300 bonecos ataviados con vestimenta tradicional galega, de gala e faena, confeccionada por ela mesma. Ata a data, realizou diferentes representacións etnográficas da vida tradicional dos nosos antepasados. Entre as exposicións realizadas cabe mencionar, entre outras, o belén ambientado nos soportais do popular barrio de O Berbés de Vigo (exposto en 2018 na igrexa do Sagrado Corazón en Vigo e no Castelo de Dona Urraca en Salvaterra de Miño, en 2016) e escenas de oficios tradicionais e romarías populares en diversas localidades como A Guarda (Mostra do Traxe Galego, anos 2014 e 2015), Portas (Festa da Dona, ano 2018) e Vigo (Reconquista de Vigo, anos 2012, 2013 e 2015).

Carmen Costas e Conchi Cruz

Casa Galega da Cultura
Praza da Princesa, 2. Vigo.

Do 14 de agosto ao 1 de setembro de 2019

Luns a venres: de 18:00 a 21:00 h.
Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 h.
Domingos e festivos: de 12:00 a 14:00 h.

Dep. Legal: VG 392-2019

REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO
Casa Galega da Cultura

CONCELLO DE VIGO